

Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 646/2016.

Visto que por Decreto número 644/2016, do 31 de outubro, convocouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o 3 de novembro de 2016, ás 10:00 horas, coa orde do día que se recolle no seu apartado primeiro e visto que no primeiro punto cometeuse un erro consistente en denominar mal a acta anterior a aprobar, e

Considerando que o artigo 105.2. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recolle que "*las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos*",

ACORDO:

Primeiro. Correxir o erro cometido na orde do día da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de novembro de 2016 que se recolle no apartado primeiro do Decreto número 644/2016, do 31 de outubro, de tal xeito que:

Onde di:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 8 DE SETEMBRO DE 2016.

Debe dicir:


1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20 DE OUTUBRO DE 2016.

Segundo. Ordenar a publicación do correspondente anuncio de corrección de erros na páxina web do Concello de Padrón e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Terceiro. A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.


Cuarto. Dar traslado da presente resolución á Intervención Municipal e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 2 de novembro do 2016



O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min

A secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez